

BENESTAR

As prazas de centros de alzhéimer chegarán a 454 a final de ano

13.02.2010 A Xunta anuncia que duplicará o aforo e que "sete de cada dez euros" das contas galegas para 2010 se "destinarán á atención social"

E.P.

A conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, asegurou onte que a Xunta pechará o ano "duplicando" as prazas dos centros de alzhéimer situados na comunidade -das 227 operativas ao inicio da lexislatura a 454- e reiterou a vontade do Goberno galego de manter "diálogo constante e permanente" cos afectados por esta enfermidade e os seus familiares.

Así se pronunciou tras participar en Santiago nunha reunión con representantes da Federación de Asociacións Galegas de Familiares de Enfermos de Alzhéimer (Fagal), á que acudiu tamén o xefe do Executivo autonómico, Alberto Núñez Feijóo. Mato deu por cumpridos os obxectivos do encontro, con referencia a explicitar o "compromiso" da Xunta co colectivo e manter aberto "dende o máximo nivel" o diálogo cos afectados, e agradeceu o "traballo feito" polas asociacións ao "cubrir en determinados momentos o que non fixo a Administración".

"Temos a intención de colaborar cúbado con cúbado con eles", garantiu para destacar, ao tempo, o "evidente" compromiso da Xunta coa política social, certificado "con diñeiro". A xeito de proba, recordou que o Goberno destina "sete de cada dez euros" das contas galegas para 2010 "á atención social".

Ademais de duplicar o número de prazas en centros de alzhéimer, a conselleira repasou tamén as melloras rexistradas na comunidade no ámbito de atención á Dependencia, dende que o equipo de goberno que preside Alberto Núñez Feijóo entrou en San Caetano, tras gañar as eleccións autonómicas de marzo de 2009. Deste modo, reiterou que a Xunta investiu "en nove meses" cen millóns máis "do que estaba presupostado en 2009", o que permitiu incrementar "en máis de 10.000" o número de persoas en situación de dependencia atendidas. "Case duplicamos o número de atendidos dende que chegamos ao Goberno", concluíu.

Infraestruturas de apoio para os enfermos

Ao termo desta reunión, o presidente da Federación de Asociacións Galegas de Alzhéimer, Juan Carlos Rodríguez, destacou o "compromiso" da Xunta cos afectados por esta enfermidade e asegurou que mentres continúe "por esa liña de traballo" contará co apoio da organización. Así mesmo, destacou a importancia de "concentrar" os esforzos presupostarios no desenvolvemento de programas de intervención e de formación para os afectados polo alzhéimer, así como na creación de infraestruturas de apoio para os enfermos.